



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Asunto: nomeamento de 2 peóns forestais para programa Aprol rural 2023.

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provision, mediante o sistema de concurso- oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de dous postos de peón forestal do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do Emprego no medio rural (Apról Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG nº 22 do 1 de febreiro).

Visto que este Concello presentou o día 25/04/2023 a oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, oficina de Emprego de Carballo, tal e como o reflicte a Orde de subvención no artigo 14.3 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Visto que día 03/05/2023 recibíronse un total de 16 curriculum vitae, como candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de Carballo), con número de oferta 12-2023-4578 e visto que despois da comunicación telefónica aos aspirantes propostos polo SPEG, presentaron a documentación para participar no proceso de selección un total de 14 candidatos.

Visto o decreto que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar de realización da proba práctica, e vista a acta única do tribunal de selección, asinada por todos os membros do tribunal asistentes, o día 11 de maio de 2023, que inclúe a valoración total dos aspirantes e a proposta de nomeamento do postos convocados e a relación de suplentes por orden decrecente, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: nomear como peóns forestais para o programa Apról Rural 2023 aos candidatos:

- Carlos Paz Rodríguez.
- Rosina María Álvarez Chouciño

SEGUNDO: conceder un prazo de tres días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que os adxudicatarios presenten a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización de contrato de traballo temporal (código 405).

TERCEIRO: publicar no taboleiro de anuncios do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección, e dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Dou fe,

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

A SECRETARIA

María Garrote López

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)